

**Guía de boas prácticas  
para a dirección de teses de doutoramento  
do Programa de Doutoramento en Tradución & Paratradución (T&P)**

Aprobada pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento en Tradución & Paratradución  
(CAPD\_T&P) o día 4 de xullo de 2013.

O Real Decreto 99/2011 polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento é o marco de referencia para a organización dos estudos de doutoramento. Esta normativa incorpora recomendacións que se refiren á estrutura e organización do doutoramento, ás competencias que debe adquirir o alumnado, ás condicións de acceso e ao desenvolvemento da carreira investigadora na súa etapa inicial, ao fundamental papel da supervisión e tutela da formación investigadora, á inserción desta formación nun ambiente investigador que incentive a comunicación e a creatividade, á internacionalización e á mobilización. No concernente á dirección de tese, recomenda a existencia dunha guía de boas prácticas para a supervisión e seguimento da tese de doutoramento.

Aínda que en España non existe tradición na implantación xeneralizada de boas prácticas científicas nin as administracións propiciaron o seu uso, o Real Decreto 99/2011 inclúe a súa aplicación no período do doutoramento. Con todo, de maneira progresiva, os Códigos de Boas Prácticas estenderon o seu ámbito de aplicación e a súa propia existencia como regras complementarias ás normas xurídicas para alcanzar unha investigación de calidade e eticamente correcta con respecto ás actitudes e procedementos na preparación, desenvolvemento e comunicación de todo aquilo relacionado coa produción científica.

Na comunidade científica internacional hai xa un amplo consenso con respecto ao contido esencial dos Códigos de Boas Prácticas: a mellora da calidade da investigación científica, a tutela de intereses lexítimos do persoal investigador e a prevención de problemas de integridade da investigación. No específico ámbito do ensino de terceiro ciclo, a esixencia de elaborar e aplicar unha Guía de Boas Prácticas Científicas emerxe non só como unha esixencia do Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan os ensinos oficiais de doutoramento, senón como un instrumento axeitado para canalizar máis nitidamente as relacións entre o alumnado, as persoas responsables da súa formación e a propia institución universitaria. Neste marco, xa non é abondo detectar posibles problemas de integridade científica e de desenvolvemento do proceso formativo, senón que deben implementarse medidas para a súa prevención, fomentando o exercicio da actividade científica nun marco de responsabilidade acorde cos mellores valores de excelencia académica.

Os Códigos de Boas Prácticas non están chamados a reproducir nin a reiterar o que xa regulan as normas xurídicas aplicables en cada caso, senón que consisten nun conxunto de declaracións e compromisos que van máis alá do que establece o ordenamento xurídico, ou ben amplían algúns aspectos xa recollidos en normas específicas para a práctica científica e están chamados a fomentar a honestidade, transparencia e responsabilidade nun marco de valores.

A presente Guía de Boas Prácticas ten como fin complementar as normas xa vixentes para a realización da tese de doutoramento na nosa universidade, a través dun conxunto de recomendacións encamiñadas a favorecer o seu axeitado desenvolvemento.

## **Dereitos e deberes do alumnado do programa**

### **Admisión do alumnado**

- O alumnado admitido no Programa de doutoramento T&P debe recibir unha información detallada sobre o procedemento de matriculación, desenvolvemento e defensa da tese de doutoramento.
- Garantirase que o alumnado conte cunha dirección que sexa membro docente do Programa T&P con experiencia investigadora acreditada, que colabore na supervisión da realización da tese.
- Garantirase que o alumnado conte cunha codirección que vele pola súa interacción coa CAPD\_T&P se a dirección non fose membro docente do Programa T&P.
- Potenciarase a integración do alumnado en grupos e redes de investigación do Programa T&P, facilitando estadias de investigación noutros centros de investigación, tanto a nivel nacional como internacional, relacionadas co desenvolvemento da súa tese de doutoramento.

### **Plan de investigación**

A dirección das teses é a responsable académica do proxecto de tese do alumnado, da súa novidade, pertinencia, relevancia e definición concreta dos obxectivos. O proxecto de tese incluírase no Plan de Investigación que se elaborará antes de finalizar o primeiro ano. No devandito plan deberá facerse constar o título e a descrición do proxecto, os obxectivos que se pretenden alcanzar, a metodoloxía que se vai utilizar, así como os medios e a planificación temporal para logralo. A universidade velará por que o título e contido do proxecto da tese de doutoramento non sexan asignados a ningunha outra persoa do programa mentres estea vixente o devandito proxecto.

### **Seguimento do alumnado**

A dirección fará un seguimento e unha supervisión periódica do labor realizado polo alumnado para valorar o avance da investigación, segundo o cronograma definido, e para identificar e resolver os posibles problemas detectados na execución do proxecto.

A dirección discutirá co alumnado as iniciativas expostas no desenvolvemento da investigación, axudándolle a identificar as mellores solucións. Así mesmo, debaterán acerca das diferentes actividades formativas que o alumnado debe realizar para o mellor desenvolvemento da súa formación investigadora e do proxecto de tese.

### **Publicación e protección de resultados**

A dirección valorará, ao longo do proxecto de tese, os resultados obtidos en cada un dos obxectivos parciais para a súa posible comunicación a congresos, a súa publicación en revistas de divulgación ou científicas ou a súa posible protección con patente. Desta maneira, a realización da tese levará asociada de forma simultánea a produción científica, en forma de comunicacións e publicacións científicas, e a protección de resultados, no caso de que sexa aconsellable.

Naqueles casos nos que a investigación da tese estea financiada total ou parcialmente por unha entidade con ánimo de lucro, deberán constar por escrito os acordos sobre os dereitos de propiedade intelectual e industrial das partes e o protocolo de contraprestacións económicas. Neste documento deberán garantirse os dereitos do alumnado como autor/a do traballo de tese.

### **Confidencialidade e protección de datos**

O alumnado debe comprometerse a manter en segredo todos os datos e informacións que poidan ter a consideración de información confidencial e que a dirección da tese, a titoría, se é o caso, ou calquera outro membro do equipo investigador no que se integre lle proporcionen ou revelen de

maneira oral, escrita, gráfica ou por calquera outro medio de difusión. Así mesmo obrígase a non revelar, comunicar, ceder ou divulgar a terceiros ningunha información relativa ao seu traballo, utilizando a información obtida única e exclusivamente con obxecto de facer a tese de doutoramento.

O alumnado obrígase a asinar os compromisos de confidencialidade que lle poida requirir a dirección da tese, dos proxectos de investigación ou da titoría.

Debe igualmente seguir fielmente e co maior rigor todas as normas, protocolos e instrucións que reciba para a debida protección dos datos de carácter persoal que deba utilizar.

O compromiso de confidencialidade e segredo continuará en vigor e será vinculante mesmo tras finalizar a relación administrativa ou laboral entre o alumnado e a Universidade de Vigo.

### **Accións de mobilidade**

A dirección da tese potenciará a participación do alumnado e a presentación de resultados en congresos internacionais relacionados co tema da tese. Desta maneira, o alumnado do desenvolverá as súas capacidades de comunicación en contornas expertas.

A dirección de tese incentivará a realización de estadías nacionais e internacionais do alumnado relacionadas coa súa tese doutoral. A dirección axudará ao alumnado a identificar o grupo de investigación onde sexa máis conveniente a realización destas estancias, de maneira que contribúan da forma máis eficaz á formación e a adquisición de capacidades do alumnado.

### **Calidade da tese de doutoramento**

A dirección da tese ten a responsabilidade de asegurar a calidade da mesma e debe ter presente que a tese debe capacitar ao alumnado para o traballo autónomo no ámbito da I+D+i. Potenciarase a presenza de persoas expertas internacionais na elaboración de informes previos e nos tribunais de teses.

### **Obrigacións do alumnado**

- a) O alumnado debe cumprir cos deberes propios da súa condición de estudante e membro da comunidade universitaria da Universidade de Vigo e con calquera outro que lle sexa asignado na lexislación vixente e nos Estatutos da universidade.
- b) Debe observar as normas e procedementos que a Universidade de Vigo estableza para a correcta tramitación da tese de doutoramento.
- c) O alumnado está obrigado a actuar conforme aos principios de integridade científica, evitando ou facendo público calquera posible conflito de intereses no que se atope.
- d) Debe actuar diligentemente en todo o concernente á súa investigación e responsablemente respecto do uso privativo ou compartido de recursos humanos e materiais que sexan postos á súa disposición pola Universidade ou por outras institucións públicas ou privadas.
- e) Deberá implicarse nos seus estudos e investigacións coa intensidade e dedicación necesarias, acudindo ás convocatorias e reunións indicadas pola súa dirección ou, no seu caso, codirección de tese, e realizando as actividades determinadas no Documento de actividades nos prazos indicados para iso. Así mesmo, deberán someterse á avaliación periódica da súa dirección e, no seu caso, codirección de tese.

- f) Debe manter un ritmo de traballo adaptado ao réxime a tempo completo ou a tempo parcial, no que estea matriculado. Calquera cambio nos prazos acordados debe contar co visto e prace da dirección da tese e ser aprobado pola Comisión académica do Programa de doutoramento.
- g) O alumnado debe respectar as funcións e competencias da súa dirección de tese, tutoría e, no seu caso, codirección, e non pode recibir instrucións de persoas distintas, sen autorización expresa de quen asuma a dirección da tese.
- h) O alumnado debe comprometerse ao uso leal da información, datos e mostras que lle facilite a dirección da tese, a persoa titora e, no seu caso, a codirección, e respectar a autoría e propiedade de todas estas persoas.

### **Dereitos e deberes da dirección da tese e, no seu caso, da codirección**

#### **Dereitos**

As persoas doutoras que reúnan a cualificación necesaria conforme ás normas vixentes, e previa autorización da Comisión académica do Programa de doutoramento, poderán asumir a dirección de teses de doutoramento.

As persoas doutoras asumirán a dirección de teses con criterios de responsabilidade e corrección científica, aceptando un número razoable de proxectos aos que poidan garantir unha supervisión e seguimento de calidade, atendidos os recursos humanos e materiais dispoñibles en cada caso. Non poderán dirixirse máis de 6 proxectos simultaneamente.

A Universidade garantirá á dirección de tese as condicións necesarias para asumir, con criterios de calidade, a súa función e protexerá a súa actividade profesional fronte a actitudes ou feitos que poidan prexudicar a súa reputación e os resultados do seu labor de dirección. Especialmente protexerá o labor realizado ante calquera pretensión de cambio de dirección non fundamentada e/ou consensuada pola propia dirección.

O labor de dirección de tese será recoñecida como parte da dedicación docente e investigadora do profesorado, a través do documento de carga docente.

#### **Deberes**

- a) A dirección dunha tese de doutoramento é unha responsabilidade inherente á condición de docente do programa e como tal debe ser exercida.
- b) A dirección da tese debe actuar salvaguardando os intereses académicos do alumnado e promovendo a súa mellor formación. A tal fin, debe elaborar un plan de traballo realista, adaptado ao réxime de dedicación no que o alumnado estea matriculado, para alcanzar, en primeiro lugar, a presentación do proxecto de tese, a elaboración, e finalmente, a defensa da tese, de acordo cos procedementos e os prazos establecidos na normativa que sexa de aplicación.
- c) Debe responsabilizarse e responder da coherencia e idoneidade das actividades de formación, do impacto e novidade no seu campo da temática da tese.
- d) Debe participar nos procedementos establecidos pola Universidade de Vigo para o control e a avaliación da actividade investigadora do alumnado e, no seu caso, participar nos

mecanismos de resolución de conflitos.

- e) Debe guiar e, no seu caso, facilitar en colaboración coas institucións participes do programa de doutoramento, a mobilidade nacional e internacional do alumnado e a realización de actividades complementarias.
- f) Debe cumprir cos restantes deberes inherentes á súa condición de persoal docente da Universidade de Vigo, así como os demais establecidos na lexislación xeral e nos Estatutos da Universidade.

#### **Dereitos e deberes da codirección**

A codirección deberá manter unha colaboración mutua co alumnado e a dirección da tese, para alcanzar, en primeiro lugar, a presentación do proxecto de tese de doutoramento, a elaboración e, finalmente, a defensa da tese, de acordo cos procedementos e os prazos establecidos na normativa que é de aplicación.

Deberá realizar aqueloutras funcións que estean descritas no programa de doutoramento verificado pola ANECA.

O labor de titorización realizada pola codirección con respecto á investigación levada a cabo polo alumnado será recoñecida como parte da dedicación docente e investigadora do profesorado.

#### **Difusión e promoción da Guía de Boas Prácticas para a supervisión da tese de doutoramento**

A CAPD divulgará esta Guía de Boas Prácticas a través de todos os medios posibles, para coñecemento da comunidade universitaria.

A CAPD incentivará a formación e o fomento de valores en boas prácticas científicas durante a etapa de formación do persoal investigador e nos procedementos de defensa da tese, co obxectivo de conseguir o maior grao de calidade nas ensinanzas de doutoramento.

#### **Resolución de conflitos.**

Os conflitos que puidesen xurdir entre a Universidade, o alumnado, a dirección da tese, e, no seu caso, a codirección, durante o desenvolvemento do programa de doutoramento, resolveranse conforme ao procedemento que regulamentariamente se estableza.

#### **Complementos de Formación**

Dada a súa natureza eminentemente transversal, por nutrirse das achegas doutras ramas do coñecemento, o Programa de Doutoramento en Tradución & Paratraducción non contempla a programación de Complementos de Formación. No seu lugar, e durante o período de captación de alumnado, a CAPD ofrecerá unha atención personalizada a cada candidato, examinando os seus méritos e valorando a pertinencia de cada candidatura. Ao final do período de captación, os candidatos saberán se a súa candidatura é viable ou non.

#### **Mobilidade**

Dada a importancia dos soportes en rede no desenvolvemento do programa, e dado que esta titulación non ten carácter interuniversitario, non se contempla ningún plan xeral de mobilidade.

A CAPD será a encargada de avaliar e executar as accións que favorezan a mobilidade do

profesorado non procedente da Universidade de Vigo, e de xestionar e garantir o equilibrio de oportunidades na promoción da mobilidade do alumnado, coa axuda loxística e económica dos grupos de investigación involucrados. O papel da persoa titora será esencial á hora de informar o alumnado sobre a oferta de bolsas ou de participacións en seminarios ou proxectos internacionais.

### **Prazo propio de captación de alumnado**

Na medida en que o posible alumnado se interesa polo programa a través das liñas que ofrece, recoméndase que o alumnado descubra as liñas de traballo e a dispoñibilidade do profesorado antes dos prazos oficiais de inscrición e matrícula. A viabilidade do título depende da súa capacidade para ofrecer direccións, polo que anticipar a posibilidade de que a unha persoa candidata se lle asigne unha dirección é xeralmente un requisito para que o alumnado interesado decida matricularse.

Por esta razón o Programa organizará un período de captación de alumnado nos meses de maio a xuño anteriores ao comezo do curso de doutoramento, sen que iso prexudique as candidaturas presentadas tras expirar ese prazo. En todo caso os procesos de inscrición e matrícula sempre se realizarán conforme ao calendario oficial que a Universidade determine cada ano.

O proceso de captación de alumnado ten por obxectivo anticipar a necesidade de entrar en contacto previo coas posibles direccións de teses. Consiste en:

1. a exposición pública das liñas de investigación na páxina web do Programa de Doutoramento.
2. a exposición pública na páxina web do Programa de Doutoramento dos perfís científicos do profesorado asignado ao programa e da súa dispoñibilidade actualizada para dirixir tese para o curso en preparación.
3. a publicación do prazo interno do Programa para a recepción de propostas.
4. o envío dos datos anteriores ao alumnado potencialmente interesado, xunto con información sobre prazos de matrícula, vantaxes de facer un doutoramento, bolsas de mobilidade, etc.

A CAPD avalía as precandidaturas, ponas en contacto co profesorado e explica que requisitos son necesarios para optar á matrícula en setembro.

### **Procedemento en caso de avaliación negativa**

A CAPD procederá cada ano a avaliar motivadamente, como favorable ou desfavorable, a actividade de cada persoa matriculada no programa a partir dos documentos elaborados polo alumnado e os informes emitidos pola dirección e/ou a titoría. Será requisito indispensable a avaliación positiva para continuar no Programa. En caso de avaliación negativa, debidamente motivada, o alumnado será avaliado no prazo de seis meses, para o que deberá elaborar un novo Plan de Investigación. A CAPD formulará as recomendacións que estime oportunas para reorientar, se procede, o Plan de Investigación. No caso de producirse unha nova avaliación negativa, o alumnado causará baixa definitiva no Programa.

### **Supervisión de tese**

#### **A CAPD**

En canto a programación e organización da formación doutoral, a CAPD encárgase de elaborar a lista de admisión e trasladala aos órganos competentes da Universidade de Vigo; examina e resolve

as solicitudes de estudantes que queiran realizar o Programa de Doutoramento a tempo parcial; procura garantir o equilibrio entre mulleres e homes, a igualdade de oportunidade entre o alumnado que se matricule de novo ingreso; no primeiro trimestre do primeiro ano distribúen de maneira equilibrada os labores de tutoría e dirección de tese entre o profesorado do programa, tras consultar co alumnado e o profesorado, garantindo a asignación dunha dirección de tese doutoral, que coincidirá coa tutoría sempre que sexa posible; examina e aproba, cando cumpra, as modificacións de dirección, de título, de obxectivos e contidos da tese; autoriza a asignación de codireccións e de cotutelas; incentiva, na medida do posible, a obtención de mencións internacionais para os estudos de doutoramento autorizando estancias noutros sistemas universitarios, favorecendo a presenza de persoas expertas internacionais nos tribunais das teses doutorais; tras sucesivas valoracións negativas, e en función do disposto no punto 7 do artigo 11 do RD99/2011, propón a non continuidade como alumnado do Programa; examina e resolve as solicitudes de prórroga do período de realización da tese máis aló da duración establecida; procede cada ano a avaliar motivadamente, como favorable ou desfavorable, a actividade de cada persoa matriculada a partir dos documentos elaborados por ela e os informes emitidos pola dirección ou tutoría; promove a calidade dos estudos de doutoramento e establece os procedementos axeitados para melloralas, de acordo coa Comisión de Calidade do Centro; organiza as actividades de formación transversal e específica do programa; planifica e executa os procedementos de control, de mobilidade e os sistemas de avaliación; encarga a supervisión de tese conforme ao apartado 5.1. do anexo I do RD99/2011; autoriza a presentación de cada Tese.

### **Profesorado do Programa de Doutoramento**

Todo o profesorado do Programa de Doutoramento deberá estar en posesión dun título de doutoramento, sen prexuízo da posible colaboración en determinadas actividades específicas doutras persoas ou profesionais en virtude da súa relevante cualificación científica ou profesional no correspondente ámbito de coñecemento.

Será factible incorporar ao programa persoal docente ou investigador alleo á propia universidade. En tal caso, a Comisión Académica do Programa de Doutoramento acreditará esta condición e garantirá os recursos necesarios para estas incorporacións debendo comunicalo á universidade.

### **Tutoría do Programa de Doutoramento**

A figura da Tutoría coincidirá sempre que sexa posible coa da Dirección. Por defecto, calquera persoa que dirixa unha tese e que sexa membro da Universidade de Vigo será tamén titora do alumnado. Para iso, a función da tutoría transfírese á dirección da tese unha vez confirmada a asignación de dirección. Unicamente no caso de que a dirección proceda dunha universidade distinta será cando a tutoría nomeada ao comezo do primeiro semestre continúe asumindo esa función durante o resto da escolarización do alumnado.

A tutoría será asignada tendo en conta os seguintes criterios:

1. Poderá ser titora calquera persoa membro da lista de profesorado asignado ao programa de Doutoramento, a condición de que pertenza á Universidade de Vigo.
2. A cada persoa matriculada procuraráselle asignar a tutoría que ela mesma propoña, sempre que a proposta conte co visto e praxe da persoa proposta.
3. A cada membro do corpo docente do programa asignaráselle un máximo de dúas doutorandas ou doutorandos por ano, podendo cada un deles ampliar este número voluntariamente.

4. A titoría e a dirección coincidirán, sendo diferentes cando a dirección da tese sexa unha persoa non pertencente á Universidade de Vigo.

A titoría, ou a propia dirección na súa natureza de titoría, terá como misión

1. Asesorar ao alumnado sobre normativas, procedementos administrativos e prazos a ter en conta no desenvolvemento do Programa de Doutoramento.
2. Instruír ao alumnado sobre as infraestruturas e servizos de apoio á investigación que ofrecen os grupos de investigación asociados ao programa e os demais servizos da Universidade de Vigo.
3. Asesorar ao alumnado na selección de actividades.
4. Autorizar e facer constar as actividades de formación desenvolvidas polo alumnado.
5. Emitir anualmente os informes de valoración e seguimento sobre o Documento de Actividades e o Plan de Investigación que se presentarán ante a CAPD.
6. Dar a coñecer ao alumnado os mecanismos da Universidade de Vigo e propios do Programa de Doutoramento para a reclamación e resolución de conflitos.

O labor de Titorización será recoñecido como parte da dedicación docente e investigadora do profesorado.

#### **Dirección da tese de doutoramento**

A dirección de tese deberá formar parte do persoal do profesorado do presente programa de Doutoramento ou deberá codirixir a tese conxuntamente cunha persoa de devandito persoal, que lle será asignado polo programa. No caso de que a dirección ou codirección que forme parte do persoal do profesorado non teña vinculación permanente coa Universidade de Vigo, o programa asignará unha titoría de entre o persoal propio, que cumpra os requisitos establecidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo.

A dirección da Tese será responsable da coherencia e idoneidade das actividades de formación, do impacto e novidade no seu campo, da temática da tese e da guía na planificación e a súa adecuación, no seu caso, á doutros proxectos e actividades onde se inscriba o alumnado.

Poderá ostentar a dirección de tese calquera persoa española ou estranxeira cun título de doutoramento, con experiencia investigadora acreditada, con independencia da universidade, centro ou institución en que preste os seus servizos. A efectos desta normativa, por acreditada experiencia investigadora enténdese o cumprimento dalgún dos seguintes requisitos:

1. Ter recoñecido polo menos un sexenio de actividade investigadora
2. Ser, nos últimos 6 anos, investigadora ou investigador principal dun proxecto de investigación financiado mediante convocatoria pública (excluíndo os proxectos de convocatorias propias da universidade)
3. Acreditar a autoría ou coautoría, nos últimos seis anos, de polo menos 3 publicacións en revistas incluídas no Journal Citation Reports. Naquelas áreas nas que pola súa tradición non sexa aplicable este criterio substituirase por un requisito comparable segundo o establecido pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI) nestes campos científicos.

4. Acreditar a autoría ou coautoría dunha patente en explotación
5. Dirixir unha tese de doutoramento nos últimos cinco anos coa cualificación de Sobresaliente Cum Laude ou Apto Cum Laude que dese lugar, polo menos, a unha publicación en revistas indexadas no ISI-JCR ou algunha contribución relevante no seu campo científico segundo os criterios da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI)

Ademais da función de dirección da investigación, tanto na súa vertente metodolóxica como ética, na titoría e na elaboración do Plan de Investigación, a dirección desempeñará, entre outras, as seguintes funcións:

1. Asesorar ao alumnado nos complementos e actividades formativas axeitadas.
2. Estimular ao alumnado cara á comunicación e transferencia dos resultados.
3. Promover contactos periódicos e supervisar regularmente o Caderno de Investigación.
4. Autorizar e certificar as actividades de formación que o alumnado realice dentro do programa.
5. Emitir anualmente os informes de valoración e seguimento sobre o Documento de Actividades e o Plan de Investigación.
6. Xestionar recursos que aseguren a viabilidade da investigación.

A tese poderá ser codirixida cando concorran razóns de índole académico ou cando a interdisciplinariedade temática ou os programas desenvolvidos en colaboración nacional ou internacional así o xustifiquen. En todo caso a codirección deberá ser previamente autorizada pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento. A devandita autorización poderá ser revogada con posterioridade se a xuízo da Comisión Académica do Programa de Doutoramento a codirección non beneficia o desenvolvemento da Tese. As persoas que codirixan unha tese deberán cumprir os mesmos requisitos que os establecidos para as direccións no presente Regulamento.

O labor de dirección de tese será recoñecida como parte da dedicación docente e investigadora do profesorado.